

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*DELEGACIÓN TEMPORAL DA CONVOCATORIA E PRESIDENCIA XGL E.U. 18/05/18,
NO SEGUNDO TTE. DE ALCALDE, D. DAVID REGADES FERNÁNDEZ*

RESOLUCIÓN DELEGACIÓN CONVOCATORIA E PRESIDENCIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Por razóns alleas á vontade desta Alcaldía non resultaría posible, de ser o caso, convocar e presidir a sesión extraordinaria e urxente a realizar o 18 de maio do 2018; visto que tampouco é posible a presidencia da Primeira Tenente de Alcalde, é polo que, ao abeiro do disposto no artigo 124.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procede efectuar a correspondente delegación no Segundo Tenente de Alcalde.

Polo exposto, de conformidade co réxime legal de delegacións establecido na lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Delegar, de ser o caso, nos termos sinalados na parte expositiva, no Segundo Tenente de Alcalde, **D. David Regades Fernández**, a **convocatoria e Presidencia da Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de data 18 de Maio do 2018** e, no seu caso, a convocatoria e a presidencia das Xuntas de Goberno de carácter extraordinario e urxente que se realicen nesa mesma data, así como todos os actos e trámites necesarios para a execución dos acordos da Xunta de Goberno Local, entre outros, a sinatura das respectivas certificacións.

Segundo.- Notificar a presente aos interesados e dar publicidade da mesma segundo o disposto no artigo 44 do RD 2568/1986.

Data e sinatura dixital.

O alcalde-presidente
Abel Caballero Álvarez

A secretaria do Goberno Local
M^a Concepción Campos Acuña

